



PORTADA | SOCIEDADE | XERAL

DOCUMENTAL SOBRE O USO DO GALEGO COMO LINGUA XURÍDICA

Gutiérrez Aller protagoniza 'A lingua dos protocolos'

Redacción . A Fundación Lois Peña Novo vén de presentar o documental 'A lingua dos protocolos' na que homenaxeoa o notario lalinense Vitorino Gutiérrez Aller pola súa dilatada traxectoria profesional a prol da recuperación do galego como lingua xurídica e fai un repaso pola historia da documentación xurídica privada escrita en galego ao longo do tempo.

06.07.2010 | 12:50

TAGS: [LUÍS PEÑA NOVO](#) , [PREMIOS](#) , [VITORINO GUTIÉRREZ ALLER](#) , [DEREITO XURÍDICO](#) , [GALEGO](#) , [NORMALIZACIÓN](#) ,



Vitorino Gutiérrez Aller, con gafas, recolle un galardón nun acto da Irmandade Xurídica Galega. Jessica Barcala/AGN

O ex notario lalinense, Vitorino Gutiérrez Aller, foi un dos premiados na decimosexta edición dos Premios Lois Peña Novo, xunto ao Concello de Burela, o catedrático emérito da Universidade de Santiago de Compostela, Ramón Lorenzo, e o Foro de Avogados Lugo.

Gutiérrez Aller foi autor do primeiro formulario notarial redactado en lingua galega e adicou gran parte da súa dilatada vida profesional a abrir as portas do ámbito xurídico ao galego e a recuperando a redacción de documentos xurídicos privados en galego, tal e como se facía séculos atrás.

O documental, promovido pola Fundación

Luís Peña Novo, fai un percorrido histórico pola historia xurídica galega, concretamente polo uso do galego na redacción de documentos xurídicos privados como testamentos, casamentos, testemuñas, etc., e centrarse na figura de Gutiérrez Aller, cuxa testemuña, forma parte deste documento audiovisual.

O xurista cita, entre outros temas, a influencia da desaparición do galego como lingua do derecho privado galego na deturación dos topónimos e da relegación do galego como lingua de cultura.

Con este documental a Fundación Luís Peña Novo continúa o seu labor de normalización lingüística en todos os ámbitos da sociedade.